Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.gal

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se resolve provisionalmente o concurso de traslados entre profesorado de Relixión que presta servizos nos centros educativos dependentes desta consellería.

Mediante Orde do 25 de novembro de 2020 foi convocado concurso de traslados entre profesorado de Relixión que presta servizos nos centros educativos dependentes desta consellería. (DOG núm. 250, do 14 de decembro).

A base décimo quinta, sobre resolución provisional do concurso, establece que unha vez asignadas as puntuacións que lle corresponden ao persoal concursante, procederase, conforme as peticións e aos méritos dos participantes, á adxudicación de destinos. As puntuacións e a resolución provisional do concurso faranse públicos na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal).

Na súa virtude, esta dirección xeral

DISPÓN:

Primeiro. Publicar no Anexo I o baremo provisional do persoal participante neste concurso de traslados do nivel educativo de educación infantil e primaria e do nivel educativo de educación secundaria obrigatoria e bacharelato que se especifica na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal).

Segundo. Publicar no Anexo II a adxudicación provisional das prazas obtidas no dito concurso polo profesorado de Relixión do nivel educativo de educación infantil e primaria e do nivel educativo de educación secundaria obrigatoria e bacharelato que se especifica na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal).

Terceiro. Contra esta resolución provisional, segundo o establecido na base décimo sexta da Orde do 25 de novembro de 2020, o persoal concursante poderá formular reclamación no prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web desta consellería. O prazo de renuncias será o mesmo que o establecido para as reclamacións.

Cuarto. As reclamacións e renuncias poderanse presentar polos procedementos a que alude a base décimo primeira dentro do prazo establecido.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

Asinado por: ALVAREZ BERTOLO, JESUS MANUEL
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 10/06/2021 14:54:34

CVE: ezsEPFTyA5
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve